

Bilbo na nosa literatura

Urtzi Urrutikoetxea

Traducción: Xoán Alonso e José Luis Padrón

A relación entre literatura vasca (e o mundo do euskara, en xeral) e cidade pódese entender só dende a modernidade. Na capital histórica, Pamplona, os derradeiros vasco falantes desaparecen entre os séculos XIX e XX, e o euskara queda nas mans da poboación chegada da provincia. En Bilbo, capital económica de Euskal Herria e a súa cidade máis grande, ocorre practicamente o mesmo, se ben, aquí, e case de xeito exótico, a feble relación co idioma vasco xamáis se rompe: hai barrios nos que aínda existen grupos reducidos de euskaldúns autóctonos. Nembargantes, Euskal Herria constrúe os inicios do século XXI cunha idea de metrópoli única e *propia*. Unha minucia comparada cas grandes capitales, pero non así como cidade media europea.

Falar, polo tanto, da identidade da cidade non resulta doado. A cidade, fronte ó pobo, caserío e outro xeito de poboación, ofrece múltiples aspectos e perfíles. Pero si hai unha crenza común cando falamos dunha cidade como de cidade conservadora, e doutra como de cidade tolerante, aínda que, por suposto, non se nega a posibilidade de que convivan talantes plurais. Non obstante, se recoñecemos que para todo calificativo ten que existir un espírito colectivo, a Barcelona multicultural, a Berlín decadente, a Ámsterdam tolerante o a Santiago de Cuba rebelde.

Bilbo é cidade portuaria. A súa historia fúndese ca ría, e o mercado, claro está, organízase dende a realidade política: alguén decide potencialo pastoreo en Castilla, pero que o produto se manufacture nos Países Baixos, e xa se verá cal é o peirao que o canaliza. E por ser algo decido por lei, adoita a tratarse do resultado dunha linguaxe mercantil e unha política decididas de ante man. Aínda así, non significa que o pobo también utilice esa linguaxe mercantil, nin moito menos. As cidades, polo xeral, e máis concretamente aquelas onde peirao e mercado sulíñanse pola súa importancia, amosan unha abundante variedade de culturas e de linguas.

O exemplo do vasco chegado do caserío traballa a súa identidade en grupos reducidos de persoas, e sae adiante de xeito autosuficiente dentro do núcleo familiar, cada cal facendo o seu. E aínda que o comercio, o diñeiro ou o xogo foran unha constante entre nosoutros... desmitifican a imaxe do bo vasco, é algo así como metelo demo en lugar santo.

O xeito de vida da costa non foi tan frecuentado como a condición rural. O litoral permaneceu nese outro extremo meirandamente euskalduna pero que abre as súas portas ó exterior, de par en par. Claro exemplo de que o idioma non se limita necesariamente ó espacio da cociña, nin entorpece as relacións exteriores.

A cidade foi un lugar meirandamente euskalduna, pero ó contrario que nas localidades costeiras, vive hoxe unha diglosia profundamente arraigada. Non esquezamos que o primeiro xeito para estudialo euskara o presenta un bilbaíno, Rafael Mikoleta, *Modo Breve de aprender la lengua Vizcayna*, escrito en 1653 e publicado no 1881. Queda explicado que o primeiro libro de gramática vasca escribíese no euskara de Bilbo.

Tal libro verá a luz dous séculos e medio despois da súa realización. Data que non deixa de ser significativa. O libro escríbese cando Bilbo é, sen dúbida, enteiramente euskalduna, se ben, e non é o caso dos pobos, trátase dunha aseveración pouco segura: nun estado no que se mesturan o comercio e o ir e vir da poboación (y polo tanto, tamén dos idiomas) ¿que é ser euskalduna? ¿É New York anglófila? ¿E Londres? ¿É Berlín alemán falante? En Bilbo o Consulado que dirixía o comercio cara Flandes e Inglaterra desenvolvíase en español, pero Rafael Mikoleta –e a día de hoxe distintas circunstancias– amosan que a rúa comunicábase en euskara. Non se pode negar que, se temos en conta que o Botxo é un pequeno núcleo urbán asulagado de pobos e caseríos vascos, todos os seus habitantes necesitaban saber euskara para poderen tratar con eles. Ó mesmo tempo, tamén semella definitivo que foi naquel tempo cando os bilbaínos modifican a antiga voz *Bilbao* por *Bilbo*, e así o recolle o mesmo Shakespeare: *the bilboes...* Non sería moi lóxico, polo tanto, tantar recuperar agora o vello topónimo castelán, e desatendelo utilizado polos bilbaínos vasco falantes durante os últimos séculos.

Pola contra, a diglosia e a necesidade de castelanizalos arredores semellan máis ben cuestións do século XIX. Pero a lingua castelana de Bilbo recolleu palabras vascas ata os nosos días, varias delas auténticas xoias, conservadas como fósiles polo vocabulario esquecido do euskara falado.

O que si que é certo, é que as cidades, os peiraos, perseguen distintos obxectivos comerciais, e xa no século XIV, cando o Señor de Haro outorga a *carta-puebla* á vila que se ergue ó comezo da ría en Ibaizabal, prodúcese a primeira punción na tradición e, polo tanto, na parroquia de Begoña, forxada na tradición vasca máis intacta –no sentido amplo da palabra, o máis negativo incluído–. Nace o monstro.

*Yo Diego Lopez de Haro, Señor de Vizcaya en una con mi hijo don Lope Diaz, conplazer de todos los vizcainos, fago en Bilbo de parte de Begoña nuevamente poblacion e villa que le dicen el puerto de Bilbo
Carta-puebla de Bilbo, Siglo XIV*

A vila que xorde ó abeiro do santuario (*conplazer de todos los vizcainos* é algo que compre poñer, polo menos, en dúbida), vese favorecida polos privilexios que podían chegar de Castilla, e sacar dese xeito a la e o ferro. Xunto ó espacio xeográfico que constitúe o lugar da cidade, e a presenza do resto dos peiraos, compre decir que o peirao máis importante de Bizkaia ata que se decide fomentar Bilbo era Bermeo. Deste xeito, e á partir de entón, todo o transporte que transcorre dende Urduña á Bermeo ten que pasar obrigatoriamente por Bilbo.

Verbo da literatura son poucos os testemuños que aparecen nese tempo, pero Joyce dixo máis ou menos o mesmo sobre unha cidade supostamente literaria como Dublín cando publicou *Dubliners*, silencio que se alonga case ata que chega Unamuno, amosando a súa coñecida preocupación polos bilbaínos e evolución que sofre cos anos, dende que se asenta en Salamanca ata que se convirte no defensor de España. Verbo do tema que nos atinxe, é interesante suliñar, como temos dito anteriormente, o sentimento de culpa que imbúe a cidade bilbaína en 1881, ano no que se publica o libro de Mikoleta, como causa do pesimismo que vive Euskal Herria. Algo que retrata Unamuno de xeito impar.

Y siempre que podíamos nos íbamos al monte, aunque sólo fuese a Archanda, a execrar de aquel presente miserable, a buscar algo de libertad de los primitivos euscaldunes que morían en la cruz maldiciendo a sus verdugos y echar la culpa a Bilbo, al pobre Bilbo, de mucho de aquello. (...)

Empezaba a ponerse de moda entre nosotros lo de la aldeanería y el maldecir de la villa, invención de hombres corrompidos. Había quien se avergonzaba de confesar que era de Bilbo, y decía ser del pueblo de alguno de sus padres o abuelos siempre que fuese un pueblo más genuina y exclusivamente vascongado.

Y, sin embargo, era la villa la que nos moldeaba el espíritu, era la villa la que nos infundía esa exaltación, era la villa la que estaba incubando el bizkaitarrismo, era Bilbo.

A ti, mi Bilbo, se te desconoce y se te calumnia, a ti no te quieren porque te temen. Tú eres todavía para ellos, para los otros, el enigma y el misterio. Porque tú, corto en palabras pero en obras largo, hablas poco. Haces en silencio.

Miguel de Unamuno. *Recuerdos de niñez y de mocedad*

As guerras carlistas atopan a forma do seu zapato en Bilbo, Bilbo é o símbolo da perda desa Euskal Herria foral e, ó mesmo tempo, orixe da nova sociedade capitalista. De ahí xudirán as ideoloxías cardinais: o nacionalismo e o socialismo. A primeira chega de mans de Sabino Arana. As palabras de Unamuno deixan latente que sen Bilbo sería moi difícil entendelo nacemento do nacionalismo vasco. O mesmo Sabino Arana sempre renegou da identidade bilbaína, sulñando sempre que era fillo de Abando, aínda que tal parroquia fora absorbida por Bilbo en 1870, para converterse no vixente centro financeiro. Unamuno acerta cando di que esa identidade proto-nacionalista é froito da cidade, e é a cidade, a mesma que consideran orixe de tódolos males, quen os catapulta cara o nacionalismo, e xa non tanto aqueles lugares feudo do euskara e a Euskal Herria de ensoño.

Pero trátase dunha cuestión acreditada de abondo, ó igual que a historia do socialismo. Dende o brinco de séculos ata a Guerra, Bilbo enriquecese, e a industrialización que naceu co final das carlistadas reporta á oligarquía vizcaína o xacemento da I Guerra Mundial. Aquel nacionalismo primixenio dirixe cara o numeroso colectivo de inmigrantes que se achega á cidade, entre outras culpas, a da incesante perda da identidade. Pero non é de todo certo, xa que Bilbo empeza o seu proceso de castelanización moito antes, e tampouco faltarán vascos entre esos inmigrantes. En Bilbo e nos barrios obreiros da Marxe Esquerda era meirandamente practicable a convivencia entre familias chegadas de castela e familias da mesma Arratia. Exemplo diso o personifica Dolores Uribarri, “Pasionaria”, con pai euskaldún e nai castelá. E máis do mesmo á outra beira, na conformación da oligarquía vizcaína.

O barrio Neguri do concello Getxo, símbolo de todo ese capital, lle da nome Resurrección María de Azkue, por ver en aqueles caseiros algo así como unha Vilanoba de Inverno (Neguko Uria).

O cambio de século de fixo posible que a cultura vasca fora tamén propia da cidade. Se ben a linguaxe coloquial de Bilbo non é torpe, tanto as cantigas populares (bilbainadas), como o castelán que chegou ata os nosos días, cheo de termos vascos

(algúns deles esquecidos no euskara falado), deixan ben claro o momento que vivía a cidade.

Euskaltzaindia (Academia de la Lengua Vasca), a revista “Euzkadi” e outros movementos culturais non son creacións exclusivas de veciños bilbaínos, non embargante todas elas reúnen-se nesta capital. Na cultura en castelán destacan Hermes e Blas de Otero, Azkue traballa xa en Bilbo nesa metade do século, tamén Ebaristo Bustintza Kirikiño ocúpase da edición literaria na revista Euzkadi. Un, veciño de Lekeitio, o outro de Mañaria, e hai un terceiro que non podemos esquecer, nado en Laukiz, á 10 kilómetros escasos de Bilbo, nun contorno enteiramente euskalduna e rural, pero apegado á capital e ó núcleo industrial. Falamos, por suposto, de Lauaxeta.

O fio dese primeiro renacemento rómpese como a vida de Lauaxeta, de xeito tráxico. Ó final das carlistadas e a perda dos foros supoñen o estoupido de distintas forzas culturais e políticas. Lauaxeta preséntanos as vangardas, e a súa poesía amósanos ó autor coñecedor da realidade española e europea.

Unha das poucas institucións que en Euskal Herria Sur remolca o barco do euskara naqueles escuros anos é Euskaltzaindia. A meirande parte da produción cultural elabórase no exilio. E un cuarto de século despois da muerte de Lauaxeta, aparece o autor que revolucionará e renovará a poesía vasca de xeito determinante. Nado en Bilbo, educado nunha familia carlista, sen poder sabelo euskara que perdera a xeración anterior, contable no peirao de Zorrotza, Gabriel Aresti reúne por sí mesmo tódalas contradicións da identidade vasca. Pero non é algo exclusivo seu, ocorre con numerosas persoas, non obstante Aresti escribe poesía –entre outras capacidades literarias–, e o fai en euskara, en euskara que tivo que aprender, nun euskara que aínda non está unificado. O xoven bilbaíno, euskalduna novo, axitador, íntimo amigo de Blas de Otero, cantará nos seus primeiros anos á esa Euskal Herria oprimida, á Euskal Herria idílica, á derruída Casa Sabin Etxea... pero, axiña, atoparase ca verdadeira Euskal Herria fronte á fronte no peirao de Zorrotza.

Un barco alemán atraca en Zorrotza.

Transborda cemento, en sacos de cien kilos.

Entre tanto

Anton y Gilén

parten aquel tronco

en dos

con una sierra.

La cuerda...

No hay cable...

Si no...

Tiran y tiran,

primero Antón,

luego Gilén,

no moriré,

Gilén.

Aquí en euskara

y allí en románico.

Maldecían.

Porque la injusticia no sabe de lenguas,

trata por igual
al castellano
que al vasco.
Tomé las medidas al árbol.
Se me calaban las gafas.
(De noche, mi madre creyó que me había
caído a la ría). Y le dije:
Siempre estaré
del lado del hombre.
Gilén.
Antón.

Aresti coñece o termo “betaurreko” (anteollos), pero no orixinal en euskara dise “antioju”, como escoitara nunha morea de ocasións ós veciños de Arratia que traballaban no peirao. Zorrotza, Otxarkoaga, Karamelo, Basurtu e outros barrios semellantes aparecen así nos seus traballos, Bilbo, si, pero a dos barrios de obreiros e inmigrantes.

Aresti acumula en si mesmo as contradicciones da cidade: exerdado do euskara, cun pai de familia carlista da zona de Zornotza, a nai chegada de Cantabria, a súa muller é filla tamén de inmigrantes... e viveo deste xeito: apoiando a loita popular dos nacionalistas, pero lembrándolles o peirao de Zorrotza, apoiando a loita obreira dos comunistas, pero denunciando que existen un idioma e un pobo prohibidos.

Me entran ganas de subir al Gorbea,
y organizar desde allí la defensa del euskara,
pero me quedo aquí,
entre estas calles,
esperando el milagro,
sin el coraje suficiente
para dejarme crecer
la barba.

Aresti non ten intención de deixar Bilbo, ó fin e ó cabo, esa agoada de búsqueda carecería de sentido sen a cidade. Os inmigrantes suman un novo latexo na respiración do euskara, e é a cidade quen o transmite e o moldea. E aínda que se viven momentos de puntos de vista diverxentes, tempo e lugar únense para darnos outro importante escritor, Mikel Zarate.

Gabriel Aresti faleceu en 1975, xoven demáis. Mikel Zarate en 1979 (Aínda ca recopilación de contos *Bilbo irribarrez* (Bilbo risoño) publícase en 1980, o seu *Alegiak* (Fábulas) xa gozaba de gran popularidade). Daquela, a capital de Vizcaya dera á luz un grupo composto por varios dos escritores máis importantes da literatura vasca actual. Atxaga e Sarrionandia, entre outros, estudiaban en Bilbo, e crean a “Pott banda”, nunha cidade antifranquista recién saída do franquismo que vive a súa eclosión creativa, pero baixo o efluvio decante que rega a desindustrialización dos 80. Bernardo Atxaga recoñeceu unha e outra vez que a influencia da cidade para o remate de súa *Etiopia* foi determinante. Rómpeuse o *anphora*.

Atxaga escribiu en 1978 un dos poemas máis fermosos que foron adicados á cidade, e Ruper Ordorika lle puxo música:

La ciudad toma los deshilachados vestidos del otoño;
La llovizna y la tristeza de la herrumbre
son sus cintas y sus velos,
y la luna muere
al huir entre la niebla baja como un mirlo
de cabeza bermeja entre los remolinos de la nieve;
Y desde el viejo puente (allí desembarcan,
hace mucho tiempo, los embajadores flamencos),
la vendedora de periódicos mira al río
como un diccionario de voces desconocidas;
Y la luz de las cocinas proletarias abre boquetes
en la gran muralla, los mendigos amontonan cartones
que las gaviotas hubieran deseado para sus nidos;
los trenes pierden la memoria ante la fatalidad
de los raíles, parten como apartidas.
Y un poco más allá, los focos de la estación,
los borrachos, el amarillo chillón de los barrenderos,
otro puente, prostitutas, esto se acaba.
Junto al parque, los taxistas hablan del boxeador muerto,
que murió como mueren el rabel y los cantantes callejeros.
El tiempo es un brocado frágil,
hecho de atardeceres siempre sombríos.

(Versión escrita polo mesmo Atxaga do poema “Herdoilarena”)

Buscar na cidade unha vía de escape ó ambiente abafante dos pobos foi corrente, e así o fixeron moitos escritores. Algo que en moitos outros creadores esperta certa confusión, ese ter que entender doutro xeito a orde establecida e as coordenadas convencionais, e cando menos o esperas, ven sendo que o vendedor de xornais tamén é vasco.

A Pott banda tivo unha existencia curta, como ocorre con tantos e tantos grupos e revistas literarias. Pero dende entón non cesou o ambiente literario da cidade, e os proxectos sucédense uns tras outros. Dentro dese furacán de revistas literarias, frisa na metade da década dos 80 a publicación Ttu-Ttuá, dirixida por Laura Mintegi e Joanes Urkixo. E hoxe, a revista Idatz & Mintz, creada ó amparo da escola Labayru, segue publicando.

Luigi Anselmi, Jesús Etxezarraga, Andolin Eguzkitza, Jon Edorta Jiménez, Juan Ramón Madariaga, Juan Manuel Etxebarri, Manu Ertzilla, Javi Cillero, Paddy Rekalde, Lutxo Egia, Igor Estankona, Unai Elorriaga, Miren Agur Meabe. Non son se non uns dos nomes destes últimos quince anos. Os euskaldunas chegados á universidade, os alumnos das ikastolas e outras escolas vascas, os euskaldunas novos, a xente que chegou a traballar... conformaron unha cidade que moi poucas veces se tende a suliñar

como euskalduna. Euskaldunas urbáns e escolarizados, a maioría alfabetizados en euskara.

Na literatura, ó igual que noutros ámbitos, cada vez é menor a distancia entre os dous mundos. O veciño da localidade máis pequena pode hoxe participar do mundo virtual ein moverse da casa, sen reparar no microcosmos que pervive detrás desas catro paredes, o habitante da cidade vasca máis grande non necesitará máis dun cuarto de hora para atoparse ca soidade casi absoluta dun bosque.

Nos pobos normalizados afróntase o asunto sen problemas, ó brinco do pobo á cidade lévase sen conmoción algunha, o home do campo pode achegarse ó peirao con facilidade, os seus fillos poden saír ás discotecas máis psicodélicas, e voltar de resaca ó día seguinte ó seu posto de repartidor explotado. No noso país temos maiores dificultades para diferencialos rexistros, e creamos unha comunicación directa –sobre todo, por medio da televisión e a publicidade– dende cero, facendo estraños xogos de mans nun lugar onde a realidade oral é tan importante. O escritor nunha lingua maioritaria ten que saír do seu mundo elitista e escoitar a marxinalidade, se o que quere é reproducir esa linguaxe. É algo que nosoutros temos que inventar, non existe, e cando existe parécenos que non é digno das nosas inmaculadas páxinas.

A Bilbo do século XXI aporta claroscuros á literatura en euskara, e en xeral, ós euskaldunas que viven na cidade. A cultura coñeceu un folgo renovado, sen dúbida, pero o mecenado do século XXI semella non apostar polas linguas minoritarias. Si, se cadra, os modos artísticos máis innovadores e rompedores, pero sendo como é a ponte do idioma indispensable para a comunicación, pode resultar longa demáis como para cruzala con éxito.

Que o mito do unilingüe ten os seus días contados semella cousa clara, a persona unilingüe –os euskaldunas non somos babecos, como decía aquel– necesitará doutros idiomas nunha cidade orientada ós servicios. E os milleiros e milleiros de euskaldunas que nos repartimos polos recunchos temos a sensación de a nova cidade medra de costas á nós, convírtenos nun problema, e que ó abrilas portas ó mundo pechará as do euskara e as de outro arquetipo de “parvadas como esas”

Sen ir máis lonxe, este mesmo ano borrarón dun pazo tanto o monolito como o carballo plantado na memoria de Gabriel Aresti, fronte do Museo de Bellas Artes de Bilbo, moi preto do Guggenheim, miradoiro cara á ponte e a universidade de Deusto. Esvaecido polas obras. En Siete Calles existen varias placas perdidas en recunchos e propostas para o deleite literario, como é o caso do bar Kalderapeko, pero da a impresión de que na cidade que tendan capital internacional da cultural non se poñen dacordo ca fenda que lle correspondería ó euskara. Os bilbaínos, os euskaldunas da cidade, hai tempo que amosamos ser máis flexibles e plurais que a súa rixidez unilingüe.

Amentamos á Unamuno, Blas de Otero, a revista Hermes... o primeiro presentouse para a cátedra de euskara, o segundo tivo a Aresti entre os seus achegados. Hoxe segue existindo unha relación entre escritores que traballan en euskara e escritores que o fan en castelán que non se atopa noutros puntos de Euskal Herria. Juan Bas, Pedro Ugarte, Miguel González San Martín... non son autores descoñecidos, e aínda que cada un camiñe de xeito independente sempre hai un intre no que os camiños dos escritores

en euskera e os escritores en castelán se xuntan. Como de cotío, e aínda que a diglosia presenta o seu predominio e tan só podemos falar das súas obras, somos os úncios capaces de lelos a todos. Porque os euskaldunas non somos parvos.

Traducción: Xoan Alonso e José Luis Padrón